

FACETAS

“*Celébrome a min mesmo/ O que eu asuma, ti asumirás,/ Porque cada átomo meu perténceche a ti tamén*”, con estes versos comeza o *Canto de min mesmo* de Walt Whitman, obra crucial da literatura norteamericana que agora podemos disfrutar na traducción que, da autoría de Xosé Manuel Freire, vén de ver a luz en Positivas. Separado de *Follas de herba*, volume do que formaba parte, co *Canto* Whitman amosou novas maneiras de construír un poema onde o eu poético posúa a omnipotencia do creador absoluto que dá vida a un verso aberto a todas as facetas por iso “*Se non me atopas ao principio, sigue, non te desanimes,/ se non me atopas nun lugar, busca outro,/ detéñome nalgún lugar agardándote*”.

Tempos Novos, 63, agosto 2002, p. 68